

Á ATENCIÓN DO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA.

SOLICITUDE que presenta o Grupo Municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular en relación á necesidade de **ARRANXO URXENTE** dunha pista no lugar de Soutariz, parroquia da Sariña.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do grupo municipal Por Chantada-CUP, presentan **SOLICITUDE** que presenta o Grupo Municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular en relación á necesidade de arranxo urxente dunha pista no lugar de Soutariz, parroquia da Sariña.

EXPOÑEMOS:

Visto que desde hai varias semanas produciuse un **afundimento na estrada municipal que une Soutariz con Pincelo**, na parroquia da Sariña, e, máis concretamente, **na intersección desta coa LU-P-1801**.

Visto que o afundimento pon en perigo a estabilidade do conxunto e **existe, portanto, risco serio para os vehículos e as persoas, para alén de non encontrarse debidamente sinalizada**.

Visto que representa un grave prexuízo para a viciñanza da parroquia da Sariña e tamén para os visitantes, rexistrándose un notábel incremento nos últimos días por mor do bon tempo e das medidas de desconfinamento progresivo.

Vista a *Moción do grupo municipal Por Chantada-CUP para o arranxo de infraestruturas e pistas de titularidade pública no termo municipal de Chantada e contra o uso de glifosato na N-540 por parte do Ministerio de Fomento*, aprobada por UNANIMIDADE ao aceptar o grupo proponente as emendas do grupo socialista e popular, na sesión ordinaria do Pleno de 30 de xullo de 2020 onde, nun dos puntos do acordo, se recollía:

Impulsar un Pacto polas infraestruturas locais, cunha comisión de seguimento específica, que se reunirá cuatrimestralmente, e que tería as seguintes funcións:

- Estudar a relación de pistas ordenadas polo seu estado de conservación: clasificándoas en A (estado óptimo), B (bo estado), C (deficiencias leves), D (deficiencias graves), E (deficiencias moi graves e/ou perigo para a circulación). Dito informe elaboraría o técnico municipal correspondente.
- Aprobar un protocolo de actuación municipal nas estradas con coberta vexetal (ECV) e no manexo, limpeza e rozado das gabias.
- Seguimento das actuacións municipais no eido das infraestruturas e elaboración dunha memoria anual con propostas concretas de actuación e análise das deficiencias detectadas.

Polo exposto o grupo municipal **POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR SOLICITA:**

1.- Que por parte do arquitecto técnico e da policía local se realice visita e se emitan senllos informes para determinar a estabilidade da estrutura e as medidas provisionais para garantir a seguranza das persoas, así como a correcta sinalización.

2.- Que, por urxencia, se proceda ao arranxo da pista e, de ser necesario, se demande a mesma urxencia e colaboración por parte da Deputación de Lugo.

3.- Elaborar a proposta cos informes técnicos iniciais que ordenen as infraestruturas polo seu estado de conservación para, posteriormente, convocar a comisión de seguimento que fixe o Pacto polas infraestruturas locais.

Asinado por Antom Fente Parada, voceiro do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular, na data da sinatura dixital.

GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.